



Información sobre próximos eventos.

Coa finalidade de ampliar a información facilitada anteriormente relativa aos eventos que proximamente celebrará a nosa asociación, faise chegar a presente edición especial do noso boletín, co obxectivo de animar a todos os asociados e asociadas, alén dos nosos amigos e amigas, nos acontecementos que foron programados, e que están recollidos a continuación.

Axenda

1 de Xuño.

XX CERTAMEN DE TEATRO CANDILEJAS DON BOSCO.- Coa participación de Tanxedoira, poñendo en escea a obra *"Hoy todos son líos"*. IES Calvo Sotelo. 20:00 h. Entrada de balde.

3 de Xuño.

RESIDENCIA GERIATROS MONTROVE.- Un grupo de canto e guitarras, amenizará durante unhas horas as instalacións do citado centro. Hora: 17:30.

10 de Xuño.

COMIDA GRUPOS ARTÍSTICOS.- Celebrarase no Local Social ás 14:00 horas, en agradecemento a os grupos artísticos.

Tedes no local a listaxe para vos apuntar, ou ben a través das canles habituais (correo electrónico, Whatsapp, Telegram)

Só hai que se anotar indicando que vai a achegar á comida e despois, moitas ganas de pasalo ben.

12 a 16 de Xuño.

EXPOTANXE.- Mostra de traballos feitos polo alumnado de labores. Local social de 18:00 a 20:00 horas.

16 de Xuño.

FESTIVAL BARRIO DE MONELOS.- Esta colaboración coa AAVV Monelos-Pajaritas terá lugar no barrio de Monelos. A Asociación participará co grupo de Cantos de Taberna e actuarán en horario de mañá polo barrio e pola tarde no escenario da praza do barrio.

17 de Xuño.

FESTIVAL FIN DE CURSO.- Actuacións de diferentes grupos do alumnado (baile, guitarra, pandeireta, acordeón) ademais do Coro e a Rondalla. Lugar: C. C. Mesoiro. 17:30 h. Entrada de balde.

18 de Xuño.

COMUÑONS.- 12:30 h. Actuación do grupo Tanxedoira na Parróquia Resurrección do Señor. R/ Petunias.

30 de Xuño.

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA.- Celebrarase no local social, ás 20:00 horas en primeira convocatoria e ás 20:30 en segunda.

Orde do día:

- Lectura e aprobación da acta anterior.
- Lectura e aprobación das contas do curso 16-17.
- Memoria de actividades do curso 16-17.
- Programación das actividades do curso 17-18.
- Proposición da suba da cota anual a 30€.
- Rogos e preguntas.

📅 1 de Xullo.

SARDIÑADA.- Terá lugar no xardín de Roberto López e Ana Vilariño (o mesmo onde o fixemos o ano pasado).

A merenda comezará a partir das 18:00 horas. Non esquezades traer o traxe de baño. É outra oportunidade para pasalo moi ben.

O prezo será de 3 euros para pagar as sardiñas, pouco de bebida e o pan (Para os máis pequenos comprárase un pouco de carne). De balde para nenos menores de 12 anos.

Tedes non local a listaxe para vos anotar ou ben a través das canles habituais (correo electrónico, Whatsapp, Telegram).

Para aqueles que non saiban chegar, contarase cun coche-guía que sairá do local da asociación ás 17:45 horas.

📅 2 de Xullo.

EXCURSIÓN FIN DE CURSO.- Saída ás 8:00 horas da parada do bus fronte ao café DinDon, e chegada á Coruña ás 22:00 horas, aproximadamente.

Percorrido:

- Cedeira
- San Andrés de Teixido
- Cabo Ortegal
- Praia de Morouzos
- Estaca de Bares
- O Barqueiro

O prezo para socios será de 10 euros adultos e 8 euros nenos menores de 12 anos. Non socios 12 euros.

Para xantar, comida libre no piñeiral que hai na praia de Morouzos, ou ben no restaurante "A Cabana de Fos" do mesmo piñeiral. Aqueles que queiran xantar no restaurante, deberán facelo constar na listaxe de inscrición para facer a reserva.

Tedes non local a listaxe para vos anotar ou ben a través das canles habituais (correo electrónico, Whatsapp, Telegram).

📅 9 de Xullo.

COMUÑÓNS.- 12:30 h. Actuación do grupo Tanxedoira na Parróquia Resurrección do Señor. R/Petunias.

📅 25 de Xullo.

COMUÑÓNS.- 12:30 h. Actuación do grupo Tanxedoira na Parróquia Resurrección do Señor. R/Petunias.